

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 1 DE OUTUBRO DE 2007

LICENZAS

FAVORABLES

1975/07.-**Elicia Agra Carregal.**- Arranxo de cuberta en Rúa Asidros núm.25.
403/07.-**José Ignacio Seijo Vázquez.**- Construcción de piscina na Rúa do Moucho núm.25.
602/07.-**Juan Carlos Martínez Barreiro.**- Viv.unif. en Rúa Casas Novas núm.92.
1071/05.-**Rosa Moure Vieiro.**- Legaliz.de modificácións levadas a cabo na viv. unif. sita na Rúa de Amio núm.2.

PARCELACIÓN

1315/07.-**Ramona Ruzo Figueira.**- Parcela 291 de concentración de San Martiño de Laraño (+).

PRÓRROGA

1181/07.-**Construcciones Manuel García Carreira, S.L.**- Rehabilitación vivenda en R/ Preguntoiro núm.39 (+).

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

1859/07.-**Mercedes Vallo Boado.**-.....Expte...2400/03.....1.500 €.

CORRECCIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE DATA 13-03-06

2533/05.-**Soledad Víaño Calviño.**- Parcelación de parcela sita no Lugar de Picaños.

OCIHR LICENZAS

FAVORABLES.

LIC/1747/2007.-**MANUEL RAMÓN LOUZAO PEREZ.**- Reestrururación de Vivenda na Rúa Mazarelos nº 1.
LIC/1428/2007.-**CALIXTO AÑON VAZQUEZ.**- Renovación de Cuberta na Ruela do Peso nº 12 esquina Bautizados nº 15.

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Concédense axudas a varias familias.

5.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a cambio de datas na exposición "RACC, 100 anos de confianza".

Dáse conta do cambio de datas nesta mostra, que abrirá ao público do 9 ao 28 de outubro.

6.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a cambio de data na base número 8 do I Premio internacional "Compostela" de álbuns ilustrados.

Procédese ao cambio, de xeito que o prazo de presentación de orixinais ábrese coa publicación das bases e remata o 31 de xaneiro de 2008, ás 12:00 horas.

7.- Proposta de modificación do acordo da sesión do 25.6.2007 relativo á prórroga, revisión de prezos e ampliación do contrato de prestación do servizo de mantemento dos sistemas de antirroubo e antiincendios dos colexios públicos.

Apróbase a modificación do acordo, considerando como importe da ampliación do contrato a cantidade de 1.035, 81 euros/ano IVE incluído.

8.- Dar conta polo concelleiro delegado de Mocidade da concesión dunha subvención da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a realización de actividades dirixidas á xuventude.

Dáse conta da concesión da subvención de 6.486 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio, como iniciativa local de emprego do proxecto empresarial "FÉMINAS COMPOSTELAE, S.L."

Acórdase apoiar como iniciativa local de emprego o devandito proxecto.

10.- Acordos relativos a diversas reclamacións de responsabilidade patrimonial.

Dáse traslado dos expedientes á empresa responsable e notifícase as resolucións aos interesados.

11.- Propostas dos concelleiros delegados de Deportes e de Educación relativas á contratación de persoal.

Apróbase a contratación dun auxiliar administrativo (Deportes), e dunha pedagoga e unha educadora social (Educación) por un período de tres meses.

12.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do subministro de instrumentos para a Banda Municipal de Música.

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación para o subministro dun fliscorno, dun trombón e dunha trompa, cun tipo de licitación de 15.000 euros.

13.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de ampliación da rede de saneamento no lugar de LAMAS DE LARAÑO.

Apróbase o proxecto, o prego e iníciase o expediente de contratación, por un importe de 30.027 euros e un prazo de execución dun mes.

14.- Inicio do expediente de contratación das obras de reforzo do firme na vía pública R-5-III-B (SON DE ABAIXO-MARZO DE ABAIXO) incluídas no Plan de Cooperación Provincial 2007 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Iníciase o expediente de contratación das obras, cun tipo de licitación de 339.269 euros e un prazo de ejecución de dous meses e medio.

15.- Adxudicación do servizo de mantemento, reparación e conservación das instalacións de calefacción dependentes do Concello.

Adxudícase o devandito servizo a José María García Quintela, por un importe de 18.500 euros.

16.- Prórroga e revisión do alugueiro de local na rúa Perez Constanti nº 4 para a realización das actividades do Proxecto PERSOA III.

Acórdase a prórroga do referido contrato ata o 15 de decembro de 2007.

17.- Prórroga do contrato de asistencia técnica para a asistencia xurídica ao Concello.

Apróbase a prórroga por un ano do contrato coa UTE Roibas e González Concheiro, a contar dende o 13 de outubro, por un importe de 93.698 euros.

18.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de reforma da instalación de iluminación no soto 1º do Pazo de Raxoi.

Apróbase o proxecto, o prego e iníciase o expediente de contratación das obras, cun tipo de licitación de 56.289 euros e un prazo de execución dun mes.

19.- Prorroga do contrato de Prestación do servizo de colaboración na xestión integral dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano.

Acórdase prorrogar o devandito contrato coa empresa TRIBUGEST S.A., por un prazo de tres meses, a contar dende o 7 de outubro.

20.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación das actividades incluídas no Programa de Información e Formación en Prevención de Drogodependencias para alumnado da ESO, Bacharelato, Garantía Social e Ciclos Formativos.

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación das actividades, por un importe de 15.911 euros.

21.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación das actividades incluídas no Programa de Prevención de Drogodependencias a través do adestramento en habilidades sociais con alumnos de ESO, con adolescentes e con pais e naís.

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación das actividades, por un importe de 22.934 euros.

22.- Aprobación do servizo de desenvolvemento do programa "Á AUGA PATOS" 2007-2008.

Apróbanse as bases e a sinatura do contrato Concello-XADE, a efectos de desenvolver o programa; a intermediación dos departamentos de Educación e Deportes cos centros de ensino interesados no programa; os modelos de información, inscrición e autorización; e os gastos de publicidade e promoción, que ascenden á cantidade de 1.000 euros.

23.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Subministro de consumibles de material informático para o Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 40.405 euros e unha duración dun ano.

URXENCIAS

1.- Acórdase a prórroga dos contratos de xestión da Escola Infantil de Conxo e da Escola Infantil de Fontiñas coa empresa ANAINAR durante o tempo necesario para tramitar os procedementos tendentes a unha nova adxudicación e, como máximo, ata o 27 de decembro de 2007.